


DESEÑADORA E ILUSTRADORA

"Xa desde moi pequena destacaba no debuxo, tiven etapas obsesivas nas que o levaba ao extremo de estar na casa todo o día e non parar, de forrar paredes, de estar todo o día a iso".



Mamá non se levanta



Son unha persoa inqueda con moitas ganas sempre de probar cousas, en pelexa permanente entre ser coherente e non demasiado dispersa. Das poucas constantes na miña vida na que sempre hai cambios é a danza, outro dos mundos obsesivos que de pequena non puiden explorar.

Son unha deseñadora e ilustradora da Coruña, formada en Deseño Industrial e cunha traxectoria profesional vinculada á artesanía popular galega e ao deseño contemporáneo. O maior logro deste momento foi o Premio Castelao de Banda Deseñada da Deputación da Coruña co título "O Corpo de Cristo".

"Eu digo que o Corpo de Cristo é unha realidade levada á ficción, porque inda que está baseado na miña experiencia persoal a memoria é un terreo moi borroso. Aborda a perspectiva dunha nena que conta a patoloxía mental da súa nai a base de historias moi curtas".

O obxectivo de abordar o tema da enfermidade mental é moi persoal, case de terapia propia para furgar nas propias lembranzas e ver que pasa, como me afectou esa situación... ten un punto case catártico de observación do que pasou aí, e por outro lado creo que tamén está moi ben dar visibilidade ao tema das patoloxías mentais e normalizalo dalgún xeito porque, a día de hoxe, segue sen falarse do tema abertamente.